



CURSO
2022-2023

PLAN DE IGUALDADE

CEIP SANTA MARÍA DO CASTRO

ÍNDICE

1- INTRODUCCIÓN	2
2- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO	4
3- ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.	7
4- OBXECTIVOS EDUCATIVOS QUE SE ABORDAN NO PLAN: a. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES. b. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO. c. PROMOCIÓN DO RSPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL. d. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA.	9
5- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS: a. ORGANIZACIÓN DO CENTRO b. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES. c. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO. d. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA.	11
6- SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	14

1. INTRODUCCIÓN

O noso Centro leva varios anos traballando de xeito decidido a prol dos obxectivos coeducativos.

Na actualidade constitúe unha **marca de identidade do noso Proxecto educativo**, e así o recoñece a nosa comunidade educativa, que maioritariamente considera o noso centro un espazo seguro de violencias machistas.

Nestes anos estivemos desenvolvendo as seguintes actuacións:

- Concretamos nos distintos plans de centro obxectivos coeducativos: na PXA, no Plan de convivencia, etc.
- No curso 2018-2019 nomeamos unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar. Na actualidade esta persoa é Alba León Martínez, aínda que este ano toca renovación parcial deste órgano.
- Fixemos campañas de sensibilización entre os distintos membros da comunidade educativa para informar e concienciar a todos os colectivos: familias, alumnado e profesorado, sobre os seguintes contidos: igualdade de xénero, prevención da violencia de xénero, prevención do abuso sexual infantil, educación afectivo-sexual, diversidade afectivo-sexual etc.
- Cada curso escolar realizamos actividades de sensibilización dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial:
 - 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
 - 8 de marzo, Día Internacional da Muller
 - 11 de Febreiro día da muller e a nena na ciencia.

Alén destas actuacións, que son de carácter obrigatorio segundo a normativa vixente, no noso centro emprendéronse as seguintes accións positivas para impulsar os obxectivos coeducativos:

- Realizamos actividades formativas específicas para o profesorado ou as familias do centro sobre obxectivos coeducativos (promoción da igualdade entre mulleres e homes, prevención da violencia de xénero, educación afectivo-sexual, prevención do abuso sexual infantil, prevención da LGTBIfobia...) ou nos que se traballe a perspectiva de xénero de xeito transversal.
- Dende o D.O. e o Equipo de Dinamización Lingüística elabóranse trípticos informativos para abordar a prevención dos estereotipos de xénero relacionados cos xoguetes. Repártense ás familias antes da campaña do Nadal.
- Puxemos en marcha a actividade “Mochilas Violetas”. Unhas mochilas viaxeiras con libros que abordan a prevención da violencia de xénero, a igualdade entre homes e mulleres, a prevención da LGTBIfobia... Temos unha mochila por cada nivel educativo.
- Celebración do día da Muller e a nena na Ciencia, coa visita dunha científica ó noso Centro.
- Taller de “Educación Sexual” dirixido ó alumnado de 5º e 6º de Primaria.

2. CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO

Un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

O desexo de construción dunha sociedade igualitaria por razón de xénero ten un marco normativo no que se ampara:

No marco da Unión Europea, a igualdade entre homes e mulleres constitúe un dos principios de actuacións das institucións comunitarias que deben ter presente en todas as súas accións. Isto figura recollido no artigo 8 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea. No eido concreto de educación a Resolución do Parlamento Europeo, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes despois do 2015 considera que os estereotipos de xénero seguen tendo unha grande influencia no ámbito educativo e destácase o papel decisivo que desempeña a educación e a capacitación na loita contra eses estereotipos e para poñer fin á discriminación baseada no xénero, así como os seus efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

A constitución española de 1978 recolle no artigo 14 que toda a cidadanía “*é igual ante a lei sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social*”, e no seu artigo 9.2 determina que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva e, de xeito moi similar, o noso Estatuto de autonomía atribúelles a mesma obriga ós poderes públicos no ámbito da nosa Comunidade Autónoma.

A Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a Mellora da Calidade Educativa, sinala no seu preámbulo que *“un dos principios nos que se inspira o Sistema Educativo Español é a transmisión e a posta en práctica de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, así como que axuden a superar calquera tipo de discriminación”*. *“O desenvolvemento, na escola, dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero”* (Art.1, apartado I).

A Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, tamén fai referencia a educación: *“A conquista da igualdade e do respecto á dignidade humana e a liberdade das persoas teñen que ser un obxectivo prioritario en todos os niveis de socialización”* (Exposición de motivos). *“O sistema educativo español incluírá entre os seus fins a formación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade entre homes e mulleres, así como no exercicio da tolerancia e da liberdade dentro dos principios democráticos de convivencia. Igualmente, o sistema educativo español incluírá, dentro dos seus principios de calidade a eliminación dos obstáculos que dificultan a plena igualdade entre homes e mulleres e a formación para a prevención de conflitos e para a resolución pacífica dos mesmos”* (Art. 4.1.).

A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de homes e mulleres, refírese tamén á igualdade no marco da ensinanza: *“As administracións educativas garantirán un igual dereito á educación de mulleres e homes a través da integración activa, nos obxectivos e nas actuacións educativas, do principio de igualdade de trato, evitando que, por comportamentos sexistas ou por estereotipos sociais asociados, se produzan desigualdades entre homes e mulleres”* (Art. 24.1)

Tamén a Xunta, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, puxo á disposición do profesorado galego o **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**, presentándoo como unha das ferramentas máis útiles e potentes

para acabar coa desigualdade, recoñecendo á escola como unha excelente plataforma para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables.

Como xa indicamos, con anterioridade á Instrución do 6 de setembro de 2019 o noso centro xa recollía en distintos dos plans e documentos de organización accións relacionadas cos obxectivos coeducativos. Detállanse como segue:

- No Proxecto educativo recóllese, no punto II, a Coeducación como unha sinal de identidade do noso Centro. Neste mesmo documento, no punto IV detállanse os obxectivos xerais do Centro, un dos cales é *“Evitar actitudes sexistas e discriminatorias por parte do profesorado, para promover unha educación máis igualitaria, así como favorecer a utilización de medios e recursos non discriminatorios (láminas, libros de texto, películas...) para contribuír a superar as discriminacións por razón de sexo”*.
- Nas normas de organización, funcionamento e convivencia do centro recóllese como obxectivo xeral *“Potenciar un réxime de igualdade de oportunidades onde non haxa discriminacións por razón de sexo, orientación sexual, convicción política, relixión, raza ou posición social.”*

É preciso xuntar esforzos e deseñar estratexias educativas que permitan facer realidade o principio de igualdade entre sexos. Xa non se trata de mitigar a desigualdade, senón de combatela de forma contundente, de erradicala do noso día a día, de facernos conscientes deses “micromachismos” que nos impiden seguir avanzando.

Este Plan de Igualdade constitúe o marco global de intervención no noso contexto escolar para impulsar a consolidación do principio de igualdade e coordinar as actuacións que favorezan o establecemento das condicións escolares que permitan corrixir as discriminacións ou estereotipos sexistas, e crear unha sociedade máis xusta e equilibrada.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGTBIFOBIA.

Co obxectivo de dispor dunha diagnose completa sobre a cal formular axeitadamente o plan de igualdade, realizamos tres enquisas, dirixidas a alumnado, familias e profesorado.

O **alumnado** ten claro que non existen deportes, cores, xogos nin xoguetes de nenos ou nenas, e que as tarefas domésticas non teñen que ter asignado un rol feminino. Sen embargo, cando analizan a realidade das súas casas, reflicten que as tarefas relacionadas co coidado dos descendentes e aquelas relacionadas coa roupa as realizan maioritariamente mulleres; na limpeza e na cociña parecen ter o traballo máis repartido entre ambos sexos; sendo o home o que destaca notablemente no referido á condución do coche familiar.

En canto ás **familias** consideran que o traballo doméstico debe ser cousa de todos e todas. A maioría das persoas enquisadas non cren que existan cores, xoguetes, tarefas ou emocións máis propias dun ou doutro sexo, e amosan igualdade de trato de cara ós fillos e ás fillas. Chama a atención que ao 15% non lles gustaría que os seus/súas fillos/as foran homosexuais, pero ao 100% non lle importaría que as amizades ou o profesorado dos/as seus/súas fillos/as o foran.

Case un 73% considera que a igualdade é un tema urxente, e non unha moda, aínda que un 25% afirma non estar preparado/a para a igualdade real.

Máis dun 92% respalda que a violencia de xénero pode darse tamén de mulleres cara ós homes.

Un 73% das familias considera o noso colexio un espazo seguro de violencias machistas, e máis fun 95% valora positivamente que se realicen actividades de igualdade no noso colexio.

Respecto ó **profesorado** manifesta que as leis de igualdade precisábanse dende hai moito tempo. Afirmar de forma unánime que nos colexios é importante realizar actividades a favor da coeducación, así como empregar unha linguaxe non sexista. Non atopan diferenzas á hora de traballar con nenos ou nenas, nin no relacionado co ensino, nin coa aprendizaxe.

O 100% do profesorado considera o noso colexio como un espazo seguro de violencias machistas.

Cómpre destacar que os resultados do alumnado e profesorado non variaron respecto ás enquisas realizadas 3 anos atrás, sen embargo os resultados das familias variaron substancialmente. Este ano non responderon nin o 25% das familias enquisadas. Máis familias consideran non estar preparados para a igualdade real, e a máis familias lles afectaría negativamente que aos/as seus/súas fillos/as foran homosexuais. Por outra banda descendeu a porcentaxe de familias que consideran o centro un espazo seguro de violencias machistas.

4. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS:

No curso actual o noso Centro está a desenvolver os seguintes obxectivos coeducativos:

a. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.

- Fomentar a superación de estereotipos, prexuizos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc., así como as desigualdades e xerarquías sociais baseadas nestes estereotipos, en modas sociais ou culturais, en prexuizos sexistas ou en calquera outra forma de discriminación.
- Educar para aprender a vivir en equidade ao longo da vida. As tarefas da vida doméstica e o coidado das persoas deberían asumirse cunha clara corresponsabilidade entre homes e mulleres. É necesario contrarrestar os posibles estereotipos de dominación e dependencia aínda moi arraigados na sociedade.
- Promover a autonomía persoal. A aprendizaxe dos coñecementos relacionados coas tarefas e responsabilidades domésticas, que antes se consideraron esenciais para o desenvolvemento das funcións sociais das mulleres, debe ser hoxe unha necesidade para toda a rapazada, dun sexo e do outro, e debe ser promover a autonomía persoal para afrontalos.
- Educar en igualdade no deporte e na actividade física. Necesitamos promover a equidade nesas áreas, tendo en conta as diferenzas entre mulleres e homes, pero sen limitar as súas posibilidades. Aínda que hai prácticas físico-deportivas estruturalmente máis relacionadas con mulleres ou homes, debería facilitarse unha elección libre e non estereotipada.
- Incluír a igualdade nos plans de formación do profesorado. Estes plans deben promover o respecto aos dereitos e liberdades, o exercicio de tolerancia, prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida, igualdade de dereitos e obrigas entre homes e mulleres tanto no ámbito público. como privado, corresponsabilidade no ámbito doméstico, etc. Prestarase especial atención á detección precoz de violencia física ou psicolóxica tanto na escola como na familia.

- Visibilizar e recoñecer no ámbito académico e laboral as aportacións das mulleres ao longo da historia e na actualidade.

b. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO.

- Educar na prevención da violencia de xénero. É necesario erradicar as actitudes de dominio, control, illamento, desvalorización, chantaxe, ciumes, intimidacións ou calquera outra estratexia de coacción. Debe visualizarse tamén sinalando exemplos concretos do que se denominou "micro machismo", é dicir, pequenas actitudes ou comentarios, quizais lexitimados polo ambiente social, pero que supoñen unha violencia sutil contra as mulleres e constitúen unha forma deplorable de acoso.
- Educar na detección de posibles casos de abuso ou acoso. É necesario indicar como detectar actitudes ou comportamentos de acoso, así como pautas sobre as formas de reacción, tanto no caso das vítimas como das testemuñas ou observadores.

c. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIDADE AFECTIVO-SEXUAL.

- Educar sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.
- Dar a coñecer ao alumnado o amplo abano da diversidade afectivo-sexual existente na sociedade dende a contorna mais próxima ata xente destacada ou famosa na sociedade en xeral.
- Favorecer dende a escola a educación de "Novas masculinidades" des-facendo estereotipos de xénero.

d. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGTBIFOBIA.

- Implantar pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

5. MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTEs ÁMBITOS:

Para o curso 2022/23 o noso centro acordou realizar as seguintes medidas de actuación co fin de impulsar os obxectivos coeducativos. Detallámolos segundo o ámbito de actuación.

a. ORGANIZACIÓN DO CENTRO.

- Favorecer a **representación** dos homes e das mulleres nos órganos colexiados: O Equipo directivo componse integramente por mulleres e o Consello Escolar está actualmente formado por 8 mulleres e 6 homes, igualmente nas comisións dentro do consello escolar contamos con representación de homes e mulleres.
- Nomear unha persoa responsable en materia de igualdade no **Consello Escolar** para participar no impulso do Plan de igualdade: Actualmente hai un membro do consello escolar responsable de impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, que participará no impulso do Plan de igualdade: Alba León Martínez.
- Difundir o plan de igualdade do centro entre os distintos axentes da comunidade (con especial atención ás **familias**): Con este obxectivo, decidimos publicar este plan a través da páxina web do centro, como un medio accesible para toda a comunidade e respectuoso co medio ambiente.
- Promover a **formación** do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade.
- Promover o uso dunha **linguaxe** inclusiva e igualitaria na actividade do centro. Con este obxectivo, decidimos empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro. Así mesmo revisaremos os documentos do centro. Tamén usamos como xenérico o feminino nas redes sociais por ser a maioría mulleres.
- Colaborar con outras **entidades** na realización de actividades coeducativas, de sensibilización etc.
- Concretar actividades arredor das **datas coeducativas** do calendario escolar. Con este obxectivo, decidimos levar a cabo as seguintes:

- 25 de novembro:
 - Posta en marcha das mochilas Violetas con literatura para a prevención da violencia de xénero e promoción da igualdade.
 - Investigaremos sobre inventoras que, por ser mulleres, non veron recoñecido o seu traballo.
- 11 de febreiro: Día da Muller e a Nena na Ciencia. Realizaremos unha actividade en común co profesorado e alumnado da área de física e química do IES Praia Barraña.
- 8 de marzo:
 - Charlas con algunha muller inventora.
- Arredor da datas de celebración LGTBIQ+ realizaremos algunha actividade de visibilización e sensibilización.
- Traballar valores sociais en todo o centro: empoderamento da muller en todos os ámbitos, a importancia da diversidade afecto-sexual, a eliminación de calquera tipo de discriminación.
- Vaise concretar o desenvolvemento curricular da **educación afectivo-sexual** integral para o alumnado de 5º e 6º de primaria a través do taller “Cambios na pubertade”.

b. ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES.

- Vanse promover pautas de actualización curricular e **revisión do material didáctico** con perspectiva de xénero. Con este obxectivo, decidimos realizar unha actividade de reflexión sobre a estereotipación dos xoguetes, e realización dun tríptico con información ás familias sobre este tema antes das vacacións do Nadal.
- Temos solicitado, dentro do CP-Inclúe, a liña de Iguála-T, coa que desenvolveremos algún taller de igualdade co alumnado.

c. XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E AS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO.

- Promover **lecturas coeducativas** a través da biblioteca escolar. Elaboramos unha Mochilas Violeta para cada nivel na que o alumnado leva para casa varias lecturas coeducativas. Serán rotativas entre o alumnado en períodos semanais.
- Ampliar os fondos da biblioteca con lecturas coeducativas.
- Xestionar as actividades de lecer e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.

d. INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR.

- Promover o **respecto** e o bo trato entre mulleres e homes. Con este obxectivo, decidimos:
 - Establecer compromisos de aula/centro para o respecto entre iguais ante problemas de convivencia comúns.
 - Sensibilizar ante o que se entende como bo trato co fin de dar unha pauta de conduta, sobre en casos de novas aprendizaxes vitais (ex. Descubrimento do propio corpo, acollemento entre iguais, namoro, compañeirismo, etc.).

6. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Ao cabo do ano faremos balance para supervisar os seguintes aspectos:

- Cumprimento do plan establecido, actuacións que non se desenvolveron.
- Impacto e alcance das accións desenvolvidas na comunidade educativa.
- Dificultades observadas no desenvolvemento das accións.
- Necesidades de mellora observadas para a súa realización en vindeiros cursos.

Na avaliación dos obxectivos teremos en conta os seguintes indicadores:

Respecto da promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes:

- Promoveuse o recoñecemento efectivo da igualdade entre homes e mulleres.
- Fomentouse a superación de estereotipos, prexuízos e discriminación por razón de sexo, orixe, raza, etc.
- Educouse para a corresponsabilidade doméstica e de coidado das persoas.
- Conseguiuse contrarrestar os estereotipos de dominación e dependencia.
- Promoveuse a autonomía persoal.
- Promoveuse a igualdade no deporte e na actividade física.
- Incluíuse a igualdade nos plans de formación do profesorado.

Respecto da prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero:

- Educouse na prevención da violencia de xénero.
- Visualizouse con exemplos concretos pequenas actitudes ou comentarios, que supoñen unha violencia contra as mulleres.
- Educouse na detección de posibles casos de abuso ou acoso.
- Déronse pautas sobre como actuar tanto no caso das vítimas como das que poden ser testemuñas ou observadores.
- Promocionouse o respecto pola diversidade afectivo-sexual.
- Educouse sobre o respecto e a non discriminación das persoas debido á súa orientación sexual.

Respecto da prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia:

- Implantáronse pautas para a prevención, detección e reacción para evitar calquera tipo de acoso ou discriminación.

Logo da análise e da valoración destes datos, estableceranse propostas de mellora para os vindeiros cursos escolares co fin de axustar a abordaxe dos distintos obxectivos coeducativos ao noso contexto educativo.